

cando cumpran seis meses de idade, se separen da súa nai ou saian da explotación.

Tras a publicación do Regulamento (CE) n.º 911/2004 da Comisión, do 29 de abril de 2004, faise necesario modificar o Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, para unha maior claridade e comprensión por parte dos interesados en canto aos prazos de notificación dos nacementos de animais bovinos ás autoridades competentes para o seu rexistro na base de datos, sen prexuízo da aplicabilidade directa e inmediata dos citados regulamentos comunitarios.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de novembro de 2008,

#### DISPÓÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina.*

O Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina, modifícase da forma seguinte:

Un. O artigo 13 substitúese polo seguinte texto:

«Artigo 13. *Subministración de información á base de datos.*

Os posuidores de animais, con excepción dos transportistas, quedan obrigados a comunicar á autoridade competente, na forma que esta determine:

a) A información relativa aos nacementos de animais na explotación, indicando a data en que tiveron lugar. Esa comunicación deberase realizar no prazo de sete días contados a partir do nacemento do animal.

Non obstante, o dito prazo poderase computar desde a data de colocación das marcas auriculares, que terá lugar como máximo nos vinte días tras o nacemento, sempre e cando ambas as datas non dean lugar a confusión en ningún rexistro e, ademais, non tivesen que ser colocadas antes por o impoñer así o Regulamento (CE) n.º 1760/2000 e o resto do dereito comunitario aplicable. Esta excepción non será de aplicación aos animais nados nas explotacións autorizadas a ampliar o prazo máximo para a colocación das marcas auriculares ata seis meses en aplicación da Decisión 2006/28/CE da Comisión.

b) A información sobre as mortes de animais acaecidas na explotación coas súas datas, nos sete días seguintes a tales acontecementos. A autoridade competente poderá determinar que esta comunicación se substitúa pola devolución dos documentos de identificación prevista no artigo 11 deste real decreto.

c) Todos os movementos de animais desde a explotación e cara a ela, de acordo co procedemento e os prazos establecidos no artigo 10 deste real decreto.»

Dous. Engádese unha nova disposición derradeira co seguinte texto:

«Disposición derradeira primeira. *Facultade de modificación.*

Facúltase o ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, para modificar as datas e os prazos establecidos neste real decreto e, así mesmo,

para modificar os anexos co fin de os adaptar á normativa comunitaria.»

Tres. A disposición derradeira única pasará a denominarse: «Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 8 de novembro de 2008.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño,  
ELENA ESPINOSA MANGANA

**19731** *REAL DECRETO 1891/2008, do 14 de novembro, polo que se aproba o Regulamento para a autorización e o rexistro dos produtores de sementes e plantas de viveiro e a súa inclusión no Rexistro Nacional de Produtores.* («BOE» 294, do 6-12-2008.)

A Lei 30/2006, do 26 de xullo, de sementes e plantas de viveiro e de recursos fitoxenéticos, establece que o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño manterá o Rexistro nacional de produtores de sementes e de plantas de viveiro no que se recollerá o conxunto das autorizacións de produtores de sementes e de plantas de viveiro realizadas, coa finalidade de facilitar a información e divulgación destas.

Coa citada Lei 30/2006, do 26 de xullo, cambiou o sistema de autorización existente até a data, e estableceuse de forma xeral que o realizará a comunidade autónoma onde radique a sede social do produtor.

Para dar publicidade ás autorizacións e coordinar a información destas, cómpre que as comunidades autónomas comuniquen ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño todas as novidades que se produzan en relación con esas autorizacións e a súa inscrición no Rexistro nacional de produtores de sementes e de plantas de viveiro.

Igualmente, establécese nesa lei que os requisitos que deben cumprir os produtores para poderen ser autorizados se sinalarán regulamentariamente.

O rexistro dos provedores de acordo coas condicións que desenvolvan os Estados membros, establécese tamén na Directiva 92/33/CEE, do Consello, do 28 de abril de 1992, relativa á comercialización dos chantóns de hortalizas e de materiais de multiplicación de hortalizas distintos das sementes, na Directiva 92/34/CEE do Consello, do 28 de abril de 1992, relativa á comercialización de materiais de multiplicación de froiteiras e de pés de froiteira destinados á produción frutícola, na Directiva 98/56/CE do Consello, do 20 de xullo de 1998, relativa á comercialización dos materiais de reprodución das plantas ornamentais e na Directiva 1999/105/CE do Consello, do 22 de decembro de 1999, sobre a comercialización de materiais forestais de reprodución.

O Rexistro nacional de produtores de sementes e de plantas de viveiro ten unha función básica para o control e certificación destes materiais de multiplicación, así como para a transparencia do mercado e a defensa do consumidor, e ten efectos a nivel nacional e comunitario.

O disposto neste real decreto enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto 1709/1997, do 14 de novembro, polo que se regula o acondicionamento de grans destinados á sementeira.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

De acordo coa xurisprudencia do Tribunal Constitucional, a creación dun rexistro único para todo o Estado comporta o exercicio de competencias normativas e de levar o rexistro para garantir a centralización de todos os datos, para os estritos efectos de información e publicidade e, para este fin, de fixar as directrices técnicas e de coordinación necesarias para garantir tal centralización.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, logo de aprobación da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 14 de novembro de 2008,

## DISPÓN O :

### Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto desta disposición é establecer as normas básicas sobre a autorización e o rexistro dos produtores de sementes e plantas de viveiro, así como a estrutura e o mantemento do Rexistro nacional de produtores de sementes e de plantas de viveiro de acordo co previsto na Lei 30/2006, do 26 de xullo, de sementes e plantas de viveiro e de recursos fitoxenéticos.

### Artigo 2. *Autorización.*

1. Todos os produtores de sementes e de plantas de viveiro deberán estar autorizados pola comunidade autónoma onde radique a súa sede social. Enténdese por sede social o lugar en que estea o centro da súa efectiva administración e dirección.

2. Cando as instalacións e medios necesarios para a concesión desta autorización se encontren en comunidades autónomas distintas a aquela en que se solicitou a referida autorización, estas deberán emitir, por petición da comunidade autónoma onde se presentase a citada solicitude, un informe que indique cantas circunstancias poidan ser relevantes para a concesión desa autorización.

3. Excepcionalmente, no caso de que ao efectuarse a solicitude de autorización non se cumpran todos os requisitos que se fixan na lexislación vixente, senón que se presente un plan de actuación e de instalacións, a autorización poderase conceder con carácter provisional por un prazo de dous anos. Mentres dure a autorización provisional o titular poderá iniciar os procesos de produción baixo control oficial, pero non poderá comercializar ou poñer no mercado sementes ou plantas de viveiro. Unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos exixidos, a autorización provisional converterase en definitiva e terá plenos efectos desde o día da súa conversión.

4. A autorización terá efectos en todo o territorio nacional.

5. Un produtor autorizado e rexistrado non precisa inscribirse no Rexistro de comerciantes da comunidade autónoma establecido no artigo 36.3 da Lei 30/2006, do 26 de xullo.

### Artigo 3. *Clasificación dos produtores.*

1. Os produtores clasifícanse segundo a especie ou o grupo de especies para o que foron autorizados, de acordo co establecido no anexo e, se o regulamento técnico da especie así o recolle, poderanse clasificar en categorías de acordo co seguinte:

a) Produtor obtentor, son os que producen material parental ou inicial das variedades ou clons obtidas por eles ou das que son habentes causa, logo de traballo de selección, e cuxo destino sexa a súa multiplicación. Poden

producir así mesmo sementes e plantas de viveiro de base e, de ser o caso, de prebase.

b) Produtor seleccionador, son os que producen semente ou plantas de viveiro de categoría inicial, base ou, de ser o caso, de prebase. Esta produción pódela realizar por si mesmos ou por agrupación ou convenio con outros produtores. Así mesmo, poden producir sementes e plantas de viveiro das restantes categorías.

c) Produtor multiplicador, son os que producen:

1.º Sementes ou plantas de viveiro de categoría certificada como resultado da multiplicación de sementes ou plantas de viveiro de base ou, de ser o caso, de sementes certificadas.

2.º Para as especies en que os regulamentos técnicos admitan tres categorías de sementes certificadas, estes produtores unicamente poderán producir sementes das dúas últimas categorías.

3.º Sementes ou plantas de viveiro de categorías estándar, CAC (conformitas agraria comunitatis) ou comercial se estas categorías existen para a especie.

2. Os regulamentos técnicos correspondentes indicarán as categorías de produtores admitidas nas especies reguladas e, de ser o caso, poderán establecer limitacións suplementarias ás sinaladas no punto 1 ou establecer outras categorías de produtores.

3. Un mesmo produtor só pode estar rexistrado simultaneamente, para unha mesma especie, como obtentor e como seleccionador.

### Artigo 4. *Condicións xerais para a autorización dos produtores.*

1. Ademais das condicións que se establecen neste real decreto, os produtores deberán cumprir as que de forma específica establezan os correspondentes regulamentos técnicos para cada especie ou grupo de especies.

2. Os requisitos para a autorización como produtor-obtentor son:

a) Ser obtentor, co-obtentor ou habente causa de variedades.

b) Dispor do material inicial, parental, ou o correspondente á primeira xeración desas obtencións.

c) Dispor de técnicos especializados na materia, con titulación oficial adecuada, e do equipamento de laboratorio e instalacións que require a execución das súas funcións e o control da calidade do material obtido, o seu mantemento e a súa produción.

3. Os requisitos para a autorización como produtor seleccionador son:

a) Dispor de técnicos especializados na materia, con titulación oficial adecuada, inspectores de campo e persoal de laboratorio nos seus distintos niveis en número adecuado aos seus plans de produción das especies para as cales está autorizado e cuxas funcións serán, segundo os casos, dirixir ou realizar os traballos de selección, multiplicación, inspección de campos, manipulación de sementes e plantas de viveiro, e análises e ensaios de laboratorio.

b) Dispor de campos suficientes para a obtención da semente ou material vexetal de base e, de ser o caso, de xeracións anteriores á de base. A obtención de semente de base e material vexetal de base pódese realizar mediante agricultores-colaboradores, ou por asociación con outros produtores seleccionadores, coas excepcións que establezan os regulamentos técnicos.

c) Dispor de campos suficientes para o precontrol e para o poscontrol das súas producións, de acordo cos regulamentos técnicos específicos.

d) Dispor de instalacións capaces para o seu volume de produción. No caso de sementes, estas instalacións serán completamente independentes das destinadas a

grans de utilización distinta á de sementes. As instalacións comprenderán:

1.º As de recepción, selección, preparación, tratamento e envasado de sementes ou plantas de viveiro.

2.º Almacéns adecuados para a conservación das sementes ou plantas de viveiro producidas.

3.º Laboratorios suficientemente equipados para as análises e controis das sementes ou plantas de viveiro.

4. Os requisitos para a autorización como produtor-multiplicador son:

a) En caso de produción de sementes, disporán de campos suficientes para a multiplicación de semente, e técnicos ou inspectores de campo suficientes para o seu volume de produción. Ademais, cumpriran os requisitos sinalados nas letras c) e d) establecidos para os produtores seleccionadores.

b) En caso de produción de plantas de viveiro, disporán dos medios técnicos e humanos acordes co seu proceso de produción, así como dun sistema de control da calidade do material producido ou comercializado, de acordo coa memoria presentada.

5. Os produtores de especies cuxo regulamento técnico non estableza unha clasificación en categorías e os de especies sen regulamento técnico, disporán dos medios técnicos e humanos acordes co seu proceso de produción, así como dun sistema de control da calidade do material producido ou comercializado, de acordo coa memoria presentada.

6. Os produtores que soliciten a autorización deberán presentar unha memoria descritiva onde figure, de forma adaptada ás actividades e ás especies que se pretendan producir, o seguinte:

a) Proceso e métodos de produción.

b) Orixe do material.

c) Sistemas de control da calidade das sementes ou plantas.

d) Persoal, medios e instalacións de que se dispón ou se prevé dispor e título de disposición en canto a eses medios e instalacións.

e) Programa de produción, importación ou comercialización e calendario de actividades.

f) Bosquexo de localización das parcelas e instalacións.

#### Artigo 5. *Rexistro das autorizacións.*

1. A inscrición no rexistro das comunidades autónomas efectuarase, para a especie ou grupo de especies solicitadas, de acordo cos grupos establecidos no anexo e, de ser o caso, coa categoría de produtor que corresponda.

2. Coa inscrición no rexistro da autorización, adxudicáraselle ao titular un código de rexistro individual que facilitará a súa identificación. O código de rexistro será único para cada titular e conservarase aínda que solicite a modificación das actividades citadas no artigo 7. O código de rexistro constará, polo menos, dos seguintes díxitos:

a) A identificación ES de España.

b) Dous díxitos que identificarán a comunidade autónoma que concedeu a autorización.

c) Dous díxitos que identificarán a provincia onde ten a sede social.

d) Catro díxitos para a numeración identificativa do titular.

#### Artigo 6. *Obrigas dos produtores.*

1. Os produtores deberán cumprir as seguintes obrigas:

a) Os produtores quedan obrigados a que o seu persoal técnico reciba a formación pertinente.

b) A conservación dos documentos, facturas de compra ou venda, e rexistros escritos ou por outro medio

que garanta unha conservación duradeira, dos datos correspondentes,

1.º Ás sementes e plantas de viveiro adquiridas ou importadas para produción, almacenaxe ou comercialización ou rexistro de entradas.

2.º Ás sementes e plantas de viveiro en proceso de produción.

3.º Ás sementes e plantas de viveiro expedidas a terceiros ou rexistro de saídas.

4.º Aos controis e ás tomas de mostras realizados no material producido.

Estes documentos e rexistros estarán á disposición dos organismos oficiais responsables e conservaranse para tal fin por un período de tres anos como mínimo.

c) Permitirán o acceso ás persoas que realizan as funcións de inspección e toma de mostras así como o acceso aos documentos e rexistros citados na letra b).

d) A realización anual das declaracións de cultivo e de comercialización de acordo co que sinalen os regulamentos técnicos específicos.

e) Calquera outra obriga que se estableza nos correspondentes regulamentos técnicos específicos.

2. Cando os produtores autorizados queiran realizar actividades adicionais ou distintas daquelas polas que constan inscritos, deberánllo comunicar ao órgano competente da comunidade autónoma, xuntando a documentación relativa á nova actividade, para que poida ser modificada a autorización, se se cumpren os requisitos para iso e, en consecuencia, a súa inscrición no rexistro.

3. Igualmente, os produtores autorizados comunicarán á autoridade competente da comunidade autónoma os cambios que afecten as informacións e os datos achegados na solicitude, así como o cesamento na súa actividade. No caso de cambio da sede social, esta comunicación irá acompañada dunha solicitude de traslado do expediente de autorización á comunidade autónoma onde radique a nova sede social.

#### Artigo 7. *Rexistro nacional de produtores de sementes e de plantas de viveiro.*

1. O Rexistro nacional de produtores de sementes e de plantas de viveiro, adscrito á Dirección Xeral de Recursos Agrarios e Gandeiros do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño recollerá, dos rexistros de produtores de sementes e de plantas de viveiro existentes nas comunidades autónomas, os datos seguintes:

a) Nome, NIF ou CIF e código de rexistro do produtor.

b) Domicilio social, teléfono, fax e correo electrónico.

c) Especies ou grupo de especies para as cales está autorizado e rexistrado.

d) Categoría de produtor de acordo coa clasificación dos produtores do artigo 3 deste real decreto, de ser o caso.

e) Data de autorización.

2. As autoridades competentes das comunidades autónomas comunicarán con carácter inmediato á Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros as inscricións realizadas, cos datos anteriormente citados, así como as baixas e cambios acontecidos.

3. A Oficina Española de Variedades Vexetais, da Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros, será o órgano encargado de manter actualizado o citado rexistro.

#### Artigo 8. *Coordinación.*

1. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, en colaboración coas comunidades autónomas, establecerá os parámetros que permitan a constitución

do Rexistro nacional de produtores de sementes e de plantas de viveiro nunha base de datos informatizada.

2. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, en colaboración coas comunidades autónomas, establecerá os protocolos técnicos necesarios que permitan a conexión dos rexistros autonómicos co Rexistro nacional de produtores de sementes e de plantas de viveiro.

Disposición adicional única. *Liberdade de circulación, establecemento e prestación de servizos.*

As comunidades autónomas, no desenvolvemento deste real decreto, garantirán a plena aplicación do establecido na Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, en especial nos seus capítulos III «Liberdade de establecemento dos prestadores» e IV «Libre circulación de servizos».

Disposición transitoria única. *Produtores de sementes e plantas de viveiro autorizados con anterioridade.*

1. Todos os produtores de sementes e plantas de viveiro autorizados na data da entrada en vigor deste real decreto, conforme o que estableceu a Lei 11/1971, do 30 de marzo, de sementes e plantas de viveiro, tanto os que teñan concedido algún título de produtor coma os inscritos no Rexistro provisional de produtores de plantas de viveiro, se incluírán de oficio no Rexistro nacional de produtores de sementes e de plantas de viveiro e nos respectivos rexistros autonómicos.

2. Os números de rexistro adxudicados aos produtores autorizados e rexistrados anteriormente á data da entrada en vigor deste real decreto, poderanse conservar, no espazo reservado para os díxitos do titular previstos no artigo 6, sempre que iso non cause confusión cos adxudicados ás novas autorizacións.

3. As comunidades autónomas adaptarán ao novo código as autorizacións existentes de produtores cuxa sede social radique en cada unha delas, e comunicaranllo á Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros nun prazo de dous meses.

Disposición derogatoria única. *Disposicións derogadas.*

No momento de entrada en vigor deste real decreto quedan derogados os seguintes preceptos e disposicións:

a) O artigo 8.º do Regulamento xeral sobre produción de sementes e plantas de viveiro, aprobado polo Decreto 3767/1972, do 23 de decembro.

b) Os puntos 31, 31 bis, 32, 33, 34, 35, 36, 37 e 38 da Orde do 23 de maio de 1986 pola que se aproba o Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro.

c) A Orde do 14 de setembro de 1972, pola que se crea o Rexistro provisional de produtores de plantas de viveiro.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de novembro de 2008.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño,  
ELENA ESPINOSA MANGANA

## ANEXO

### Especies e grupos de especies para a autorización e rexistro de produtores

| Grupo de especies                               | Especies   |
|---|--|
| 1.A. Froiteiras de pebida e carabuña.           | Prunus armeniaca, Prunus amigdalus, Prunus doméstica, Prunus salicina, Prunus avium, Prunus cerasífera, Prunus pérsica, e especies dos xéneros Malus, Pyrus e Cydonia. |
| 1.B. Oliveira.                                  | Especies do xénero Olea.   |
| 1.C. Cítricos.                                  | Especies da familia Rutáceas.  |
| 1.D. Subtropicais.                              | Especies dos xéneros Musa e Persea.  |
| 1.E. Amorodo.                                   | Especies do xénero Fragaria.   |
| 1.F. Outras froiteiras con regulamento técnico. | Juglans regia, especies dos xéneros Pistacia, Corylus, Rubus, Ribes e Vaccinium.   |
| 2. Outras froiteiras sen regulamento técnico.   | Especies de froiteiras non reguladas.  |
| 3. Vide.  | Vitis L.   |
| 4. Aromáticas.                                  | Todas as especies aromáticas, condimentarias e medicinais.   |
| 5. Ornamentais.                                 | Todas as especies de uso ornamental.   |
| 6. Forestais.                                   | Todas as especies de uso forestal.   |
| 7. Fungos cultivados.                           | Todas as especies de fungos utilizadas na produción mediante cultivo.  |
| 8. Viveiros de hortícolas.                      | Todas as especies reguladas no correspondente regulamento técnico.   |
| 9. Cereais.                                     | Arroz, avea, cebadas, centeo, trigos, triticale.   |
| 10. Millo e sorgo.                              | Millo, sorgo, pasto do Sudán.  |
| 11. Oleaxinosas.                                | Cártamo, colza, xirasol, liño oleaxinoso, soia.  |
| 12. Téxtiles.                                   | Algodón, cânabo, liño téxtil.  |
| 13. Forraxeiras e pratenses.                    | Chícharo (forraxeiro e proteaxinoso) e todas as demais especies incluídas no regulamento técnico correspondente.   |
| 14. Sementes hortícolas.                        | Chícharo (hortícola) e todas as demais especies incluídas no regulamento técnico correspondente.   |
| 15. Remolacha.                                  | Remolacha azucreira.   |
| 16. Pataca de sementeira.                       | Pataca.  |